

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZASEIS DE XUÑO DE DOUS MIL DEZASETE.

Na Casa do Concello de Valdoviño (Salón de Sesiós) reúnese o día dezaseis de xuño de dous mil dezasete, a Corporación deste Concello para celebrar a sesión ordinaria de carácter mensual con comenzo as vinte horas en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. Alcalde don Alberto González Fernández, á que asisten todos/as os concelleiros e concelleiras: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, don Benito Manuel Vega Fernández, don Alejandro García Sousa e dona Jessica Sabín Fernández do (PSdeG- PSOE); don José Antonio Vigo Lago, don Esteban García Alonso, don José Antonio Rodríguez Fernández e dona M^a Cristina Freire Aneiros do Partido Popular (PP); don Manuel Javier Bacorelle Robles de Unidos por Valdoviño (U POR V); don Luís Manuel Beceiro Rodríguez de Centristas de Valdoviño (CENVAL) e don Carlos Alberto Ameneiros Serantes do Bloque Nacionalista Galego (BNG).

Actúa como secretaria a titular do Concello, dona Carlota González Navarro, asistindo tamén a interventora do Concello, dona Gema Leal Insua.

O alcalde, sendo a hora sinalada apertura a sesión para tratar os asuntos contidos na Orde do Día da convocatoria, que se pasan a consignar e adoptándose os acordos seguintes:

ORDE DO DÍA

I. PARTE DISPOSITIVA

1º APROBACIÓN, SE PROCEDE DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS CELEBRADAS EN DATA 21 DE ABRIL E 19 DE MAIO DE 2017.-

Os membros da Corporación, aprobaron en votación ordinaria e por unanimidade os borradores de actas precitados; se ben o Sr. Beceiro Rodríguez non se pronunciou en canto ao da sesión do 19.05.17 por non ter asistido a esa sesión.

2º.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DE COMPETENCIA PLENARIA. EXPEDIENTE MC 4/2017 TC.-

PROPOSTA DO ALCALDE

ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚM. 4/2017 MC SC FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOUREIRÍA PARA GASTOS XERAIS.

De conformidade co disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, do art. 35 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do devandito Texto Refundido, visto que como resultado da aprobación da liquidación do orzamento correspondente ao exercicio 2016 se comproba que o gasto non financeiro computable executado, e superior ao estimado aos efectos de elaborar o orzamento correspondente ao exercicio 2017, PROPONSE AO PLENO:

Primeiro.- Acordar establecer o teito de gasto para o exercicio 2017 en termos de gasto non financeiro computable aos efectos da regra de gasto no importe de 3.285.141,40 € (importe máximo que permite dar cumprimento as regras fiscais establecidas na LOEOSF).

Segundo.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito mediante suplemento de crédito co núm de expediente 4/2017 MC SC.

- Aprobación do suplemento de crédito nas aplicacións orzamentarias que se sinalan de seguido, por importe total de 41.000 €.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE DOTAR	A
341 227 99	Traballos realizados por outras empresas ou persoas físicas. Promoción do deporte	15.000 €	
342 227 99	Traballos realizados por outras empresas ou persoas físicas. Instalacións deportivas	20.000 €	
151 227 06	Traballos prestados por profesionais. Urbanismo	6.000 €	
TOTAL		41.000 €	

➤ Financiamento procedente de RTGX

870 00 Remanente de Tesoureiría para Gastos Xerais	41.000 €
Total	41.000 €

Terceiro.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Cuarto.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Quinto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.

Sexto.- Simultaneamente ao envío do anuncio a publicar anterior, remitir copia do expediente á Comunidade Autónoma e Administración Estatal.

Valdoviño, 12 de xuño de 2017

O Alcalde

Alberto González Fernández”

O concello-Pleno aprobou a proposta de Alcaldía transcrita en votación ordinaria e por maioría.

Votos favorables do grupo de goberno (6 votos) e do BNG (1 voto); abstención da oposición: PP (4 votos), CENVAL (1 voto), UNIDOS POR VALDOVIÑO (1 voto).

3º.- RATIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO EN SESIÓN DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 11 DE MAIO DE 2017: “APROBACIÓN DA VERSIÓN “2” DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA OBRA DO POS 2016: “REFORMA BIBLIOTECA Y OTROS EN LA CASA DE CULTURA”.-

Texto do acordo:

“Visto o informe de data 4 de maio de 2017 con nº de rexistro de entrada 2017, presentado por Victoria Alonso Caeiro, en calidade de directora da obra: “ Reforma Biblioteca y otros en la Casa de Cultura” do POS 2016, do Concello de Valdoviño, no que se recollen os cambios sufridos polo Proxecto Básico e de Execución de Reforma de Biblioteca y otros en la Casa de Cultura.

Visto que de acordo co importe, as modificacións plantexadas non son substanciais, non implican suspensión nos prazos de execución dos cobros e non supoñen cambios de uso ou afectan ás condicións de volume, posición ou ocupación do edificio. Non afectan ás condicións de seguridade en caso de incendio, seguridade de utilización e accesibilidade e non supoñen unha modificación do obxecto do proxecto orixinal nen do presuposto de execución material aprobado.

Visto o informe do arquitecto municipal de data 8 de maio de 2017.

Esta Alcaldía en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente PROPÓN a adopción dos acordos seguintes:

- 1) Aprobar a versión 2 do Proxecto Básico e de Execución de “Reforma de Biblioteca y otros en la Casa de la Cultura de Valdoviño”.
- 2) Dar conta a Deputación Provincial da Coruña.
- 3) Ratificar o presente acordo no seguinte Pleno.”

A Corporación ratificou o acordo de Xunta de Goberno Local transcrito en votación ordinaria e por maioría.

**Ratificaron o acordo: O PsdeG-PSOE (6 votos), BNG (1 voto) CENVAL (1 voto).
Abstivose: O PP (4 votos) e U POR V (1 voto) .**

II. CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

4º DAR CONTA AO PLENO DE DECRETOS DA ALCALDÍA (EMITIDOS DENDE O 13/05/2017 AO 09/06/2017).

De conformidade co artigo 42 do ROFRXEL deúse conta ao Pleno da relación de decretos ditados entre as datas 13/05/2017 e 09/06/2017, ámbalas dúas incluídas comprendendo os decretos números do 168/2017 ao 209/2017.

O Pleno tomou coñecemento

FÓRA DA ORDE DO DÍA

O Alcalde anuncia que o seu grupo presenta, vía urxencia proposta para adxudicación da concesión do cámping municipal celebrándose esta maña unha Xuntanza de Voceiros para abordar este tema, xustificando que as dúbidas dos pregos e anexos aclaráronse e que se incorpora agora na documentación que se acaba de entregar nesta sesión, un estudio económico e texto de regulamento de uso interno.

Votase a urxencia do asunto e aprobase por unanimidade.

.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE CAMPING MUNICIPAL E DOS SERVIZOS AUXILIARES A ÉL.-

Proposta de Alcaldía:

“Vista a finalización do contrato de xestión do servizo público do camping municipal do Concello de Valdoviño, polo cumprimento do prazo de execución e das posibles prórrogas e dado que o Concello quere continuar coa prestación do servizo, que cumpre unha finalidade de ocio e tempo libre, considerando que manter a xestión indirecta do servizo mediante a fórmula da concesión, prevista no Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) contribuirá a manter a calidade do servizo que ata o de agora se viña prestando,

Visto que a duración do contrato se prevé de 10 anos prorrogables por outros 2 anos, sendo o prazo máximo de duración deste contrato de 12 anos, incluída a posible prórroga,

Visto que de conformidade co establecido na D.A.2ª do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) corresponden ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de xestión de servizos públicos cando o seu importe supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto así como cando a súa duración sexa superior a catro anos,

Visto que de acordo co TRLCSP, o anteproxecto da obra foi exposto ó público no Taboleiro de anuncios e no BOP por prazo de un mes, sen que se produxeran alegacións ao respecto.

Vistos os informes emitidos pola Intervención e Secretaría que obran no expediente,

Por todo o anteriormente exposto, **PRÓPONSE** ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto e varios criterios de adxudicación, da Xestión do servizo público do camping municipal e os servizos auxiliares a él, na modalidade de concesión, convocando a súa licitación.

SEGUNDO.- O adxudicatario do contrato será tribuído polos usuarios do servizo segundo as tarifas e prezos regulados nas Ordenanzas correspondentes, non procedendo por tanto, autorizar gasto algún.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, o de prescricións técnicas, o Anteproxecto de obra e o Proxecto de explotación e o Regulamento interno que rexerán o presente contrato.

CUARTO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no perfil do contratante, anuncio de licitación, para que durante **o prazo de 15 días naturais** poidan presentar as proposicións que estimen pertinentes.

QUINTO.- Publicar a composición da Mesa de Contratación no Perfil do Contratante, cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no art. 21.4 do Real Decreto 817/2009 de 8 de maio.

En Valdoviño, a 16 de xuño de 2017.

O alcalde

Asdo: Alberto González Fernández”

DELIBERACIÓN

Sr Ameneiros Serantes.- Non quero debater as causas para aprobar hoxe isto; pero non vou poñer impedimentos. Evidentemente este verán non vai funcionar o cámping repercutindo negativamente na imaxe de Valdoviño.

Sr Alcalde.- Asumo o retraso.

Sr Bacorelle.- O tono desta oposición e máis considerando que o da anterior aínda que vexo que os problemas son os mesmos. Recomendo ao grupo de goberno que examine ben a redacción dos pregos, pois constan partes do texto en galego, partes en castelán, partes de texto incomprensibles como o punto 1.6 do prego de prescricións técnicas (le este punto o Alcalde, sen chegar a aclaralo); tamén manifesta o Sr. Bacorelle ter dúbidas do punto 12.1 páx. 30 do prego cláusulas administrativas (explotación do servizo) e contradicións como as do prego punto 12.1 e o cadro de características do contrato)

Pregunta se os soldos do persoal están ben e se está claro o levantamento topográfico (Anexo IV). Contéstalle a esto o Alcalde de que si.

Sr Beceiro Rodríguez.-Manifesta que non lle chegou a documentación polo que se ten que abster, ao non estar informado.

Sr Vigo Lago.-Di remitirse ao que expresou na Xunta de Voceiros. Para máis, se lles entrega máis documentación antes de entrar nesta sesión, sen que poidesen nen ver as modificacións e entende que un asunto desta entregadura debe estar ben pulido antes de aprobalo, aparte de non seguer os cauces administrativos debidos. Por estas razóns o seu grupo pide que se deixe sobor da mesa.

Sr Alcalde.- As dúbidas que se presentaron esta mañá están resoltas coas modificacións. Son máis ben, temas administrativos.

Sr Saavedra Gutiérrez.- A vontade do PP é non aprobar o prego.

Sr García Alonso.- Eu non puiden nin lelo. Tivestesedous anos para facer isto e nos dades a documentación pola mañá e o traedes a aprobar pola tarde, e por riba con novas modificacións. Este é un tema suficientemente importante como para estudialo ben, tratalo en comisión informativa como tiñades dito e si é preciso levalo a un pleno extraordinario. Traelo así me parece unha falta de respecto.

Sr Alcalde.- Fixose xuntanza de voceiros. Creemos que está ben e temos a idea de que este establecemento non sexa soio de carácter estival.

Sr Rodríguez Fernández.-Non houbo tempo nin para lelo, e o que o leu algo tivo dúbidas. Por qué non se apraza para estudialo ben, un asunto desta importancia?

Sr Vigo Lago.-Non é Sr. Saavedra que non o queiramos aprobar. Creo que somos transixentes e colaboramos. Teño que lembrar a lexislatura anterior cando nos criticaban e por cousas bastante menos importantes.

Como xa dixen na Xunta de Voceiros, entendo que debía facerse un proxecto claro e conciso, para que os licitadores vexan o que teñan que facer, porque valorar é complicado e que cumpran os parámetros do proxecto é importante.

Sr Alcalde.-Non podemos ir a un proxecto así. A base é primar as propostas de explotación sobor das de obra.

Sr Vigo.-Me refiro non só a obra, tamén a explotación. Un concurso de ideas tamén estaría ben.

Sr.García Alonso.-Entendo que pretenden que non estea aberto soio no verán. Canto tempo lles da aos licitadores para que poidan facer boas propostas? Cando pensa que pode estar adxudicado?

Sr Alcalde.-Xa estivo o anteprojecto en exposición. Penso que estará listo a remates deste verán.

Sr Rodríguez Fernández.- E as autorizacións ? Por exemplo de Industria?

Sr Alcalde: Non se precisan autorizacións.

Sr García Alonso.- Tanto que criticabades a anterior lexislatura, Qué estades facendo vos agora? Falades de listaxe de prezos de supermercado en 15 días. E decides que abrides a man para que os interesados opten?

Sr Bacorelle.- Non teño claro o fixar tempo para a adxudicación.

Sra Interventora.- Debe poñerse; normalmente non se cumpre isto e non produce nulidade, pero os licitadores poden retirar a súa oferta.

Votación:

O concello-Pleno aprobou a proposta de Alcaldía transcrita sobre aprobación do expediente de contratación da xestión servizo público do camping municipal e dos servizos auxiliares a éste.

Votos favorables do PSdG-PSOE (6 votos) e BNG (1 voto)

Votos en contra do PP (4 votos)

Abstencións : CENVAL(1 voto) e UNIDOS POR VALDOVIÑO (1 voto)

5º ROGOS E PREGUNTAS.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG.- Sr. Ameneiros Serantes.-

Sr. Ameneiros .- Sabese algo do transporte de autobuses?

Sr. Alcalde.- Houbo exposición pública do programa, soio se modifica a liña Cedeira-Ferrol e Vilaboa-Ferrol. A ruta escolar incorporase ao transporte metropolitano. Afectannos os tránsitos con Narón (por chegada á Residencia e demáis).

Hai traxectos máis directos e rápidos con modificacións no horario que esperemos lle veñan ben a Valdoviño.

Sr. Ameneiros.- Qué pasa se as liñas escolares van cheas e se pretenden usar por máis viaxeiros?

Sr. Alcalde.- Falan do que chaman transporte a demanda, coa idea de que a xente chame a un teléfono que van establecer e valorarán se hai vacantes nos autobuses, senón hai prazas libres avisarán a taxis para cubrir o servizo, con prezos de autobús.

Sr. Ameneiros.- Cando remata a concesión? Para cando funcionará a nova concesión?

Sr. Alcalde.- En agosto remata, pero vai haber continuidade no servizo; aínda que non nos dan pé a falar disto pola urxencia. Tivemos eu e o Alcalde de Cedeira reunión coa Consellería.

Sr. Beceiro.- O persoal do Instituto poderá usar os buses escolares?

Sr. Alcalde.- Sí, en tránsitos e tráfico desas horas.

Sra. García López.- Pero xa polo horario, é imposible.

Sr. Ameneiros.- Cómo está o Plan Xeral de Ordenación Municipal?

Sr. Alcalde.- A verdade é que lle xurdiron problemas de saúde ao redactor. Temos idea de facer comisión para o do Plan.

Sr. Ameneiros.- Rogo que se retiren do Salón de Plenos, as fotografías dos Alcaldes anteriores á democracia.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL UNIDOS POR VALDOVIÑO.- Sr. Bacorelle Robles.-

Sr Bacorelle Robles.- Contaremos coa herba artificial para o campo de fútbol?

Sr. Alcalde.- Reitero o dito no anterior pleno.

Sr. Bacorelle.- Cando se van abrir os aseos públicos nas praias?

Sr. Alcalde.- Cando estea contratado o persoal de limpeza de praias.

Sr. Bacorelle.- Débese idear a forma de ter abertos os aseos no período da Semana Santa.

Sr. Bacorelle.- Mirouse o da factura do lixo de veciño, sobor da que veño preguntando?

Sr. Alcalde.-Chegou informe de FCC sobre diversos aspectos do servizo de recollida lixo.

Sr. Bacorelle.- Conviña lembrarlle á empresa a limpeza dos contenedores.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL CENVAL.- Sr. Beceiro Rodríguez.

Sr. Beceiro.- ¿Cómo está o asunto da depuradora de Porto do Cabo?

Sr. Vega.- Está listo, en funcionamento.

Sr. Alcalde.- O expediente de verquido atopase na fase final (estivo en exposición pública en Augas de Galicia).

Sr. Beceiro.- Cómo está o contrato do alumeadado e o resto de contratos pendentes de adxudicación?

Sr. Alcalde.- Iremos quitando segundo poidamos. Xa abrimos o PAI, temos avanzado o prego do SAF....

Sr. Beceiro.- ¿Está adxudicada a obra das casetas de socorrismo?

Sr. Alcalde.- Está para adxudicación.

Sr. Bacorelle.- Un socorrista de piscina pode actuar coma socorristo en praias?

Sr. Alcalde.- Non estou seguro, penso que non.

Sr. Beceiro.- Rogo de novo que se pida a limpeza de cunetas.

Sr. Alcalde.- Está comunicado o rogo.

Sr. Beceiro.- A Deputación vai restaurar a senda peonil do 2008 na estrada do Trece?

Sr. Alcalde.- Non o sei.

Sr. Beceiro.- Cambiaronse as sinais da beirarrúa na rotonda que se fixo de baixada á praia?

Sr. Alcalde.- Están modificadas.

Sr. Ameneiros.- Pois hai unha sinal de dirección prohibida que confunde, porque parece que non se pode baixar á praia.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR. Sr Vigo Lago.-

Sr Vigo Lago.- Para a instalación do Coto Agudo, hai permiso de instalación e de banda larga?

Sr. Alcalde.- Preguntarei na oficina técnica.

Sr Vigo Lago.- Hai un escrito sobre autorización de verquido supoño que será de Porto do Cabo.

Sr. Alcalde.- Sí.

Sr Vigo Lago.- Hai tamén un escrito do Consello de Contas sobre reparos. A qué se refire?

Sra. Interventora.- A reparos do ano pasado e anomalías de ingresos, tiven problemas co ordenador, pero está todo mandado dentro de prazo.

Sr. Vigo Lago.- Vin algo sobre unha subasta inmobiliaria de bens de Viaquor.

Sr. Alcalde.- O miraremos.

Sr Vigo Lago.- Faigo denuncia por existencia de infracción en canto a depósito de residuos sólidos, porque comento que en Loira hai sacos tirados no camiño que baixa á igrexa.

Sr. Vega.- Temos varios casos deses de depósitos de residuos.

Sr Vigo Lago.- Tomouse determinación sobre o problema existente con peches en Meirás?

Sra. Secretaria.- Sobre o que se refire, dicir que a cesión a temos ganada, non podemos facer nada ata modificación de inventario de camiños. A sentenza di que é camiño público. Está recurrido.

Sr Vigo Lago.- Está listo o bombeo en A Cubeta-Meirás?

Sr. Alcalde.- Está denunciado o roubo de bombas na Garda Civil. Estase xestionando o de Mosende- Lago, o último vai ser o da Cubeta porque falta a bomba.

Sr Vigo Lago.- No pleno anterior preguntei da fianza da execución da praza do edificio de Covacano. Cómo está?

Sr. Alcalde.- Esta na man dos técnicos (hai unha memoria).

Sr Vigo Lago.- O digo porque a execución, debido aos materiais, ten que facerse cando hai bo tempo.

Sr. Beceiro.- Qué sabemos da parcelaria?

Sr. Alcalde.- Xa están executados os camiños secundarios.

Sr. Beceiro.- Hai unha pista que hai que millorar.

Sr. Alcalde.- Varios propietarios pidiron á Consellería accesos ás parcelas, pero aínda non lles contestaron.

Sr. Rodríguez Fernández.- Cando se vai ocupar do mantemento do Centro Médico a Consellería?

Sr. Alcalde.- Dinme que Valdoviño non fixo a solicitude.Están tratando isto a través da FEGAMP para información.

Di o Sr. Rodriguez que se pediu.

Sen máis intervencións, ás vinteunha horas e quince minutos a sesión queda levantada polo Sr. Alcalde; da que como Secretaría municipal redato a presente acta e CERTIFICO o nela expresado.

A Secretaria,

O Alcalde,